

I TRAIL MONTE ACIBAL

O Club **Atletismo +9 Moraña** e a **Comunidade de Montes de Amil**, organiza a I edición do **Trail Monte Acibal**, na parroquia de **Amil** en **Moraña**, o domingo 2 de novembro de 2025 a partir das 09:00 horas constando de dúas probas de carreira oficiais para o Ranking Galego, e outras dúas carreiras para os máis pequenos.

As probas están dentro da especialidade atlética do Trail Running e estarán baixo o control técnico do Comité Galego de xuíces da Federación Galega de Atletismo.

En adultos disputarase sobre 2 distancias,(trail de 25 e 8 km aproximadamente, estando aberta a proba de 8 km a categorías inferiores a partir dos 14 anos , tamén haberá unha carreira para as categorías sub12 e sub14 de 5 km, e outra de 1 km para os máis pequenos, categorías sub8 e sub10.

REGULAMENTO:

TRAIL MONTE ACIBAL

Artigo 1.- Lugar de saída das probas:

As probas sairán desde a Casa Cultural de Amil.

- A Chan s/n, Amil 36669 Moraña, Pontevedra

- [Casa Cultural Amil](#)

- <https://maps.app.goo.gl/kZXWsocF47rPkZSL9>

-COORDENADAS: UTM Huso: 29 ETRS89, X-534230.64 / Y-4709973.84

Artigo 2.- Horarios e distancias:

O Trail Monte Acibal terá os seguintes horarios e distancias:

- Trail Longo (Classic): Desafío Acibal, 25 km aprox., 1,500 m + Control de material obrigatorio na saída de 08:20 a 08:50 h.
Saída 09:00 h
- Trail Curto (Preclassic): Desafío Amil, 8 km aprox., 600 m + Control de material obrigatorio na saída de 09:20 a 09:50 h.
Saída 10:00 h.
- Minitrail: 5 km., 300 m +
10:30 h.
- Pequetrail: 1 km, 100 m +
11:00 h

Tódolos deportistas das modalidades classic e preclassic deberán pasar por cámara de chamadas ata 10 minutos antes da saída.

Artigo 3.- Limite de prazas:

- Trail Longo: Desafío Acibal, 2007 e anteriores, absoluta 125 inscritos (modalidade Classic).
- Trail Curto: Desafío Amil, 2011 e anteriores, absoluta 125 inscritos (modalidade Preclassic).
- Minitrail: de 2012 a 2015, 50 inscritos (categorías sin ranking nesta modalidade)
- Pequetrail: de 2016 a 2019, 50 inscritos (categorías sin ranking nesta modalidade)

Artigo 4.- Categorías de competición.

- Categorías individuais para a distancia do trail longo.
 - Sénior M/F: de 2007 a master.
 - Master A M/F: Nados entre 1990 e 1980.
 - Master B M/F: Nados entre 1979 e anteriores.
 - Absoluta M/F: Todas as categorías.
- Categorías individuais para a distancia do trail curto.
 - SUB 16 M/F: 2010 – 2011.
 - SUB 18 M/F: 2008 – 2009.
 - SUB 20 M/F: 2006 – 2007.
 - Sénior M/F: 2005 e anteriores.
 - Absoluta M/F: Todas a categorías anteriores.
- Categorías individuais para a distancia do minitrail
 - SUB 12 M/F: 2014 - 2015
 - SUB 14 M/F: 2012 – 2013
- Categorías individuais para a distancia do pequetrail.
 - SUB 8 M/F: 2018 - 2019
 - SUB 10 M/F: 2016 - 2017

Artigo 5.- Ranking Galego de Trail Running.

- Os participantes federados optarán á bonificación correspondente como proba G1 dentro do ranking galego de Trail running nas seguintes modalidades:

- Proba Longa, 25k: Ranking Classic Sub 23, Absoluto e Master
- Proba Curta, 8k: Ranking Preclassic Sub20, Sub18 e Sub16.

Artigo 6.- Participación e Seguro / Licenza de día.

- Nesta proba poderá participar calquera deportista sexa ou non federado. Todos os participantes inscritos no prazo preciso correrán cunha licenza de día de Trail Running que incluírá un seguro de accidentes deportivos e de responsabilidade civil. As probas estarán federadas no deporte de atletismo na especialidade de TRAIL RUNNING, polo cal os deportistas federados polo deporte do atletismo estarán cubertos polo seguro da súa correspondente licenza. Para o resto de participantes subscribírase un seguro (licenza de día).

Artigo 7.- Tempos máximos de realización das probas.

- Trail longo: Desafío Acibal, 25 km, 4 horas.
- Trail curto: Desafío Amil, 8 km, 2 horas.
- Minitrail: 5 km, 1 hora.
- Pequetrail: 1 km, 30 min

Artigo 8.- Inscricións, prezos e prazos.

- As inscricións realizaranse a través das páxinas web www.carreirasgalegas.com e www.atletismo.gal.
- Apertura de inscricións: 15 de setembro de 2025.
- Peche de inscricións: 28 de outubro de 2025.
- Prezo da inscrición:
Tramo 1, do 15 de setembro o 5 de outubro.
 - Trail longo: 16 €.
 - Trail curto: 8 €.
 - Minitrail: 3 €.
 - Pequetrail: 1 €
- Tramo 2, do 6 de outubro o 28 de outubro
 - Trail longo: 20 €.
 - Trail curto: 10 €
 - Minitrail: 5 €.
 - Pequetrail: 2 €

Artigo 9.- Recollida de dorsais.

Os dorsais poderán recollerse nos seguintes puntos:

- Sábado 01 de novembro: de 17:00 a 20:00 h. na Casa Cultural de Amil (saída e meta).
- Domingo 02 de novembro: a partir das 07:30 h e ata 15 minutos antes do comezo de cada proba no lugar de saída.

Artigo 10.- Premios e agasallos.

- Premios aos/as 3 primeiros/as clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento.
- Premios aos/as 3 primeiros/as clasificados/as absolutos das probas de Trail Curto e Trail Longo.
- AGASALLO para todos os participantes (poderán recollelo xunto co dorsal de competición antes da saída das probas).
- A entrega de premios realizárase a partir das 13:00 horas aproximadamente na Casa Cultural de Amil.
- Premios NON acumulativos.

Artigo 11.- Abastecementos.

Haberá 2 puntos de abastecemento no Trail Longo, e na meta, das tres modalidades. Será responsabilidade do deportista portar sistema de hidratación para facer uso dos mesmos.

- Abastecemento 1 (cima Acibal: km 9 aprox. (líquido e sólido);
- Abastecemento 2 (cima Acibal 2): km 19 aprox. (líquido e sólido);
- Avituallamento META (todas as probas): (líquido e sólido).
- A asistencia externa a calquera deportista durante a competición non estará permitida.
- As zonas de abastecemento estarán acoutadas en inicio e fin. Non estará permitido abandonar o abastecemento con ningún tipo de residuo do mesmo, incluídas as posibles 'codias' de froita como poden ser mondas de plátano ou laranxa.

Artigo 12.- Material obrigatorio.

- O material estará revisado polo comité galego de xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.
- O uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido
- As penalizacións e descualificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais da circular 105-2023 da Federación Galega de Atletismo.
- O seguinte material afectará ás modalidades Trail classic e preclassic, sendo igualmente recomendable no resto de disciplinas do evento.
- Listaxe de material obrigatorio:
 - Dorsal visible na parte frontal.
 - Manta térmica.
 - Chifre.
 - Teléfono Móbil (operativo).
 - Sistema de hidratación, (so trail longo, Classic).

- Listaxe e material recomendado:
- Curta ventos ou chaqueta impermeable.

Artigo 13.- Información complementaria.

- O evento conta con proxecto de percorrido alternativo e plan de evacuación ante calquera imprevisto, sendo obrigatorio cumprir as indicacións correspondentes por parte dos participantes.
- O plan de xestión de residuos e protección ambiental do Trail Do Acibal garanta un uso responsable do medio natural e a preservación do mesmo así como a correcta distribución de calquera residuo ou material empregado para a realización do evento.

Artigo 14.- LOPD

- Todos os corredores/as o realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet oficiais.

Artigo 15.- Normativa

-Aceptación do regulamento

Todas/os as/os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.